

## **E serei unha cerdeira**

### **(Panfleto)**

Discurso de Xabier DoCampo nos Premios Xerais 2013

Irmás e irmaos:

Encontrei de moi neno na casa, entre outras cousas un libro do que non sabía. Era libro de mar, de loita, de procura. De traizón e de grandeza. De almas nobres e outras miserábeis. Era, en fin, un libro coma a vida. Pero tiña algo moi grande, moi fermoso, era un libro que a min enteiro me contiña. E esa foi a primeira lección que alí durmía: que nos libros hai que procurar, máis que o que me contan, o que hai de min, alí, entre as súas follas. Porque a literatura ten a cualidade de nos falar de nós mesmos. As grandes obras da historia da literatura son aquelas que nos descubren, que dan conta do lector. Quero dicir que lemos para encontrarnos, para saber quen somos, que facemos aquí e cal será o noso derradeiro destino.

Principiei daquela a atopar entre as dos libros as palabras que xusto nome daban ao que eu sentía. E así, cada emoción que me envolvía, cada sentimento cando encontraba un nome, facíase máis meu. E como meu o recoñecía. Saber como se chama o que ti sentes é entrarlle ben dentro á túa vida. Xa nunca máis quixen ler que non fose nesa arela de procura do saber do mundo e de min mesmo.

A aquel libro e a outros, que despois lin, funlles tirando tres certezas cada día. E nos que viñeron a continuación aprendín a abandonalas, hoxe unha e mañá as outras dúas. Porque os libros axudan a collelas o mesmiño que che dan para deitalas na beira do camiño no que andas. Un libro só lévase ben coas certezas e cos dogmas, moitos libros, unha vida de libros fainos tiralas da nosa alma.

Valéronme os libros, e válenme hoxe aínda, para medrar e espolincarme por diante dos valos que nos poñen para tapar, para ocultar, para cegarnos. Porque a miña arela é buscar a vida. Esa vida que me esconden, esa verdadeira vida que os cartos ou o poder ocultan á nosa vista. E foi cos libros, coa lectura co que día a día e pedra a pedra, construín un edificio que me sustenta, que terma de min en pé e en alegría.

Amo os contos como amo os soños. Para min a pregunta, para que serven os contos? é a mesma que interroga: para que serven os soños? A resposta é, son imprescindíbeis. Non se pode vivir sen soñar porque non se pode vivir desasistido da palabra dos contos, das historias, veñan estas nas novelas, no teatro, no cinema, nos mesmos contos, quer escritos quer orais.

Os contos apréndenos a escoitar, que é tanto como ter en conta ao outro e con el facer un treito do camiño. Nada nos avisa tanto da presenza dos outros coma un conto.

Cos contos aprendemos a que os nosos desexos sexan máis grandes ca realidade. Os contos non responden á realidade de que algo aconteza, senón ao desexo de que aconteza, como dixo Tolkien. Son por tanto fornecedores de esperanza e xeradores do ánimo de loita, porque os contos apréndenos a perseguir os nosos soños.

Os contos gardan a totalidade do saber humano. Nada hai no coñecemento universal que non estea nun ou en varios contos. Dese xeito quen máis contos sabe máis sabio é. Se alguén puidese haber que soubese todos os contos, ese ser sería deus. *Gnarus*, verba que nos leva á nosa palabra narrador ou narradora, significa o que coñece, o que sabe, do mesmo xeito que *ignarus*, o que non narra, é o que ignora, o que nada sabe. O froito prohibido daquela árbore do Edén eran contos que darían ao ser humano a sabedoría. Deus apartounos de nós coa espada flamíxera do arcanxo que sentenciou: Quen coma deus! Algo así coma se dixera: Quen ousa saber os contos que só sabe deus?

Pero desde daquela os contos son para nós un anxeio, un desexo incumplido de acadar o coñecemento, e por aí alimentan a nosa fantasía que é o noso camiño para a salvación de seres expulsados do paraíso, de seres feramente humanos, como dixo o poeta.

Sempre hai algo fermoso e sublime naquilo que nos salva da infelicidade dos intres fríos.

Nun deses terremotos que de cando en vez asolan os lugares nos que se asenta a pobreza apertando firmemente aos homes e mulleres que os habitan, as persoas que traballan na procura dos que puidesen ficar sepultados por embaixo de moreas de pedras e escombros, deron en sentir ao lonxe unha musiquiña. Era o son metálico das caixas de música, ese xoguete que pode ser un dos máis fermosos que existen. De primeiras non lle deron máis importancia, aló no fondo dunha desas caixas, seguramente esbandallada, ficara en funcionamento o seu mecanismo. Continuaron co seu penoso e xeneroso traballo e decatáronse de que a música cesaba. Acabárase a corda. Pero ao pouco pareceulles volver sentir o son alegre da música. Pediron silencio a todos cantos se afanaban arredor en retirar os restos das casas caídas. Volveu parar a música. Agardaron e de novo cantou a caixiña.

Interpretaron que se a música ía e viña, alguén a tiña que manipular. Traballaron arreo horas e horas, con esa impaciencia e ese coidado co que deberán facerse estes delicados labores. Aló, enterrada moi fondo atoparon unha velliña que non podía facer máis movemento que o de abrir e pechar a tapa dunha caixa de música dentro da que unha

bailarina vestida de rosa daba voltas. Unha caixiña que seguramente a acompañaba na súa mesiña de cabeceira desde os afastados anos da infancia e agora dáballe a vida.

Pois ben, a literatura está aí para nos salvar coma a caixa de música, para dar noticia da nosa existencia, da nosa presenza no mundo e na vida.

E chegamos á hora de que se note o ton panfletario que non é máis que a voz axitadora. Autor de panfletos ben coñecido e acreditado foi Jonathan Swift, e del todos temos na memoria o que escribiu en 1729 so o título *Unha modesta proposición*, que non era outra que a de, para acabar coa pobreza infantil en Irlanda, cebar e engordar os fillos mendicantes das familias pobres, para unha vez acadado o peso recomendado de vinte e oito libras seren sacrificados e servidos nas mesas dos que os puidesen pagar. Di Swift: «*Concedo que este manxar resultará algo custoso, e será polo tanto moi apropiado para terratenentes, quen, como xa devoraron á maioría dos pais, parecen acreditar os mellores dereitos sobre os fillos.*»

Cando o relín hai uns días veume á cabeza a idea de convidar a solucionar o conflito lingüístico cosendo en requintado *petit point* os beizos das persoas que falamos galego arreo, iso si deixando un buraquiño polo que poida entrar unha palliña que permita a inxesta de alimento líquido, mais non sei por que non teño hoxe ganas de retrancas nin de vos facer rir coas nosas penas. E preferín seguir a vos falar de libros e de lectura.

A nada se parece tanto a vida como a un conto, quizais unha novela. Mesmo chamámoslle vivir ao intento de facermos relato do noso paso polo tempo. E a nada se parecen tanto os países coma a un libro inconcluso. Ler é ir coñecendo os acontecementos que cada páxina nos relata e, ao mesmo tempo, ir anticipando os que virán. Sen ese sentido e esa habelencia para anticipación non hai lectura. Xa que logo o mellor xeito de sabermos o que nos pasa é ler. Ler o libro de nós, o que di dos galegos e galegas que tal queren ser. Ler a nosa nación coma iso, coma unha nación.

E así podemos decatármonos de que a cada suceso do pasado correspóndelle outro no presente. Anteriores acordos e pactos con aqueles negros poderes que se mostraban permisivos co accesorio para controlar o esencial teñen correlato exacto no presente. Desde o primeiro momento escolleron entre nós aos que habían entrar ao escuso da noite na casa onde dorme Viriato. E os mesmos que intentan borrar nos do mapa como nación, buscan a nosa submisión a “un mal menor”, pretendendo que esquezamos que é un mal, e aceptalo fainos tan perversos coma o causante do propio mal. E de mal menor en mal menor estamos a chegar ao mal absoluto.

Acabouse o noso tempo. Somos as xeracións que trouxemos a nación á situación actual e nada hai que nos poida convidar á fachenda. Cando lemos o libro da nación encontramos a nosa lingua en grave perigo de non chegar viva, que é tanto coma dicir sen posibilidades de uso normal, aos máis novos; a beiramar convertida nunha horrenda liña de cemento; andar os montes por entre paisaxes de eucaliptos ou de cinza; ver e cheirar a morte das nosas rías; contemplar os mil ríos de que falou Otero Pedrayo convertidos en vertedoiros... Pouco ou nada hai que nos poida dar un motivo para o orgullo.

E mesmo agora nós, os que habíamos tirar a nación da miseria na que a sumiron, entramos nunha guerra fratricida por algo que non temos. Unha loita estéril que nos vai privar de acadar meta ningunha, vainos impedir inventar a deus. E digo isto ao lembrar un conto de Clarice Lispector que me chega a través dun artigo de Tomás Eloy Martínez publicado en La Nación de Bos Aires, e que segundo o autor do artigo, el tivo coñecemento del por un borrador que trouxo de Río Sara Porrúa. Non dei co conto en ningún lugar da obra da extraordinaria escritora ucraíno-brasileira. Chámase, talvez, Viúva Negra:

*Non hai araña tan laboriosa como Viúva Negra. Pasa a vida estudando as teas que se tecen nos niños da escuridade e reparando este ou aquel erro. Ás veces trata de copiar os deseños que admira pero os resultados do seu traballo son insignificantes, apenas torpes correccións da arte allea. Aracne, a súa amiga, recomendoulle que observe os debuxos do seu propio corpo e trate de reproducilos. Sobre o abdome de Viúva Negra hai unha fosforescencia vermella en forma de reloxo de area, pero só a natureza podería tecer algo así. Unha noite Viúva Negra coñece a Araño, e queda cegada pola rapidez con que arma as súas teas maravillosas e a felicidade sinxela con que as imaxina. Pensa que talvez Araño poida tecer un reloxo de area que brille na noite. Ofrécelle que compartan o niño e examinen xuntos as imperfeccións das teas alleas. Cando atopa manchas marróns nun dos tecidos máis luminosos, teima en corrixilas e limpalas. Araño négase, porque aduce que a arte é o que é. Viúva Negra indignase e no frenesí da pelexa están a piques de devorarse. Viúva Negra é astuta, teme a forza de Araño e resolve vencelo cunha artimaña humillante. Pídelle que despregue por última vez unha das súas teas inverosímiles. Araño é vaidoso e non se pode negar. Solta con forza os seus fíos coma se fosen as plumas dun pavo real e cando o ve ben inchado pola beleza da súa soberbia, Viúva Negra, que calculou cada movemento, crávalle un*

*aguillón fatal na cabeza. Araño cae fulminado e nin sequera advirte as ferozes mordeduras coas que Viúva Negra o desgarrar para alimentarse. Tomou xa todo o que se podía tomar del. Baleiro e moribundo, Araño non lle serve xa.*

*Viúva Negra sofre un desencanto final: ninguén coñece o seu triunfo. Quedouse co niño e coas teas, pero ninguén descende á súa escuridade, onde xa non brilla a luz de Araño. Foi tan bo o que pasou. Foi tan bo que agora Viúva Negra quere inventar a Deus. Pero mentres sexa ela a que o invente, Deus non ten ganas de existir.*

Acabouse o noso tempo. Cumpriuse o prazo da Viúva Negra cobizosa que matou a luz do Araño.

Agora cómpre ler con sentido da anticipación no relato e iso só o poderedes facer os máis novos e as máis novas, aqueles que até agora careceste de calquera poder de decisión, que só fostes xente obediente, disciplinada que seguistes os nosos desvariados pasos. A nova lectura ten que se facer sen nós e sen a nosa sombra sobre de vós. Facede da lectura un acto de rebeldía, procurade unha nova interpretación do texto, ide ao último e máis fondo significado de cada palabra, aquel que estaba por descubrir e que agora, ao pronunciárdelo vós con voz nova e con fondo eco, nacerá e será un novo berro, unha nova luz no escuro túnel do futuro. Onde a vida me levou a min a pór escepticismo, ponde vós esperanza. Onde as miñas forzas xa son débiles, veñan as vosas medradas que tiren do noso horizonte a traidores e ladróns.

É tempo de petar con forza sobre da mesa da historia, Ese forte golpe de puño, de irada man pecha que fai abanear a propia mesa e todo canto nela hai salta polo ar. Despois todo caerá outra vez sobre da vella madeira e teremos o caos. Deixádeo vir, aí debe nacer un novo xeito de ordenar as cousas. O voso xeito de organizar o mundo. Un albor, nunca antes visto e que procura pola felicidade de todos os seres humanos. pero para iso tedes que, como fixo Eolo para axudar a Ulises, encerrar todos os malos ventos que impidan chegar a Ítaca nun saco e cerralo ben. Nós somos os malos ventos que desvariamos o rumbo do barco. Collede o temón e poñédevos aos ventos portantes. Poñede a proa ollando ao punto no que o futuro agroma, alí onde se le a verdade que o libro da nación contén, e ao pasar a páxina encontraredes que a nación está a parir a vosa liberdade. E lédeo como se le un palimpsesto, rañando a folla para dar co texto primixenio, o que contén a esencia do noso ser, aquilo que nos outorga un lugar no mundo.

Ler é sempre procurar o lugar onde nace a liberdade.. A casa é vosa, ocupádea e cambiade a pechadura. E despois chamade pola boa xente para habitala. Chamade como facía Cabanillas:

*¡A alma galega dorme,  
a santa Ideia está morta,  
e tés de ir porta por porta  
encendendo os corazóns!*

E para encender os corazón cómpre un facho, cómpre o lume. O lume da palabra e o lume das ideas, xustamente os materiais da literatura. Pero tedes, xa dixen, que crear palabras novas, palabras para un tempo e un mundo que nunca antes foron e aínda non serán. Outra vez a lectura da que Italo Calvino dicía: «*Ler é ir ao encontro de algo que está a punto de ser é aínda no se sabe que será.*» Se ledes con atención e aproveitamento o libro da nación, aí é a onde tedes que ir “a onde non se sabe que será” E para ir a ese lugar aínda non están escritas todas as palabras nin trazados os camiños, a vós vos toca dicir a palabra vosa e procurar o camiño propio.

O poeta estadounidense Robert Frost ten un fermoso poema que se titula “*O camiño non elixido*” que nos tres últimos versos di:

*Dous camiños se bifurcan nunha fraga e eu,  
Eu tomei o menos transitado.  
E iso fixo todo diferente.*

Se pasamos as páxinas do libro para atrás están todos os nosos pasos marcados no camiño. Se reparades con atención veredes que nese camiño non hai herbas, só pedras enterradas e terra ben pisada, se acaso algunha rodeira marcada de vello. Nas súas beiras o mato e as silveiras arredáronse para deixar franco o paso. Mesmo a auga fixo os seus riscos nas beiras e decorre paralela e disciplinada. Ese foi o noso, o camiño dos que escribimos as páxinas de atrás.

Nas páxinas de adiante o mato e as silvas inundan todo. As árbores inclinan case até o chan as pólas baixas. O toxo medra e amarelea en canto a vista enxerga. Aí está o voso camiño. Teredes que vos armar de fouces e fouciños. De brazos fortes e loitadores. De ánimo invencíbel e de probada lealdade. E con todo iso principiar a facer camiño: cortando, rozando, queimando.

E que quedará para min?

Para min procurade un lugar asollado e a resguardo do nordés,  
sería ben na Chaira de nacenza ou na Fraga que me acolle na vellice.

Tamén aquí, en San Simón, ollando a vermella festa do solpor sobre do mar.  
Alí facede un furado, catro cuartas de fondo. E cuarta e media, todo máis dúas, para o largo.  
Enriba da terra que tirastes deitade as miñas cinzas amodiño, pouco han armar que eu son cativo.  
Mesturade con coidado e agarimo terra e cinzas todo remexido.  
Metede no buraco antes de nada unha boa cerdeira ben nacida.  
Ide botando agora terra e cinzas e enchede até enriba aquel buraco.  
Despois hai que pisar ben pisadiña, de arredor da cerdeira a terra toda.  
Un caldeiro de auga ben cumprido.  
Dade volta e ídevos sen ollar atrás  
e sen saudade.  
Volve de no abril cando floreceza.  
Eu serei silencio, ela alegría.  
Benzoade a floreada nevarada.  
Agardade pola abella que se pouse ou a branca bolboreta que a visita.  
E ídevos sen máis.  
E non volvades apañardes as cereixas.  
Iso é o que eu faría.  
Non me imitedes.  
Deixádeas para o merlo e o pimpín.  
Que as goce a pega ou o ouriol.  
E serei, irmaos, unha cerdeira e vós seredes o novo, o que alborexa.  
Fermoso día no que nacen o pan, a palabra e a ledicia.  
E xa sabedes, sempre vós, nunca comigo, que non valen os odres vellos para o viño novo da próxima vendima.  
Mais nada. Dade saúdos meus aos da casa e despídome á chairega, irmás, irmaos, *astra* outra *millorada*.

Xabier P. DoCampo

Xuño de 2013